

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O
DIA 16 DE NOVEMBRO DE 2015**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ
BERNARDO VARELA LÓPEZ
MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ
MARIA ISABEL POISA REY
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO
RODRÍGUEZ
MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do dia DEZASEIS de NOVEMBRO do DOUS MIL QUINCE, previamente convocados, reun3ronse os Sres. Concelleiros 3 marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco Garc3a Su3rez, a fin de celebrar unha sesi3n extraordinaria polo Pleno da Corporaci3n.

Sen incidencias.

Non asistiu a concelleira do PSdeG-PSOE, ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, quen previamente quen previamente xustificou a s3a ausencia.

---***---

ORDE DO DIA

Único.- Orzamento Xeral 2016.- Aprobaci3n inicial, se procede.

Deu conta do proxecto o Alcalde sinalando, en primeiro lugar, que presentar o orzamento en tempo e forma 3 algo que para o goberno municipal 3 importante porque o orzamento, ademais de ser un marco de previsi3ns econ3micas para un exercicio, tam3n entraña un reto para promover a

actividade económica financeira do concello, e polo tanto convén facelo con carácter previo ó exercicio correspondente como está previsto nas normas.

Tal como xa se explicara na Xunta de Portavoces e na Comisión de Facenda convocadas especificamente para tratar este asunto, o orzamento para o 2016 sigue centrado, como nos últimos anos, en dous grandes obxectivos: favorecer a dinámica económica de Allariz para que o concello siga sendo a locomotora da actividade económica, impulsando os diferentes sectores económicos, xerando na medida do posible, condicións favorables para o emprego e mesmo ofrendo a posibilidade de emprego a persoas, que por diferentes razón, teñen dificultades para estar no mercado laboral e que este ano, a través de diferentes instrumentos ou programas como, foi o obradoiro de emprego, programa RISGA, programas formativos de empregabilidade para a muller como o programa Clara, permitiron contratacións para afrontar unha situación de desemprego. Un segundo obxectivo é o mantemento e mellora dos servizos públicos municipais facendo desta oferta un atractivo mais para residir en Allariz, para facer que os veciños teñan un capital social básico que permita contar cun nivel de calidade de vida que faga atractivo o concello.

Con estes grandes obxectivos que se prevén acadar para o 2016, prevénse uns ingresos de 6.139.156 e 5.649.936 en gastos. No estado de gastos, no capítulo 1, cun 37% do orzamento, que ascende a 2.113.309 euros, cos que se pretenden cubrir as previsións da plantilla reflicte os incrementos legais; no capítulo 2, cun esforzo de contención de gasto, as previsións son de 1.926.225 euros, cunha redución dun 5%, cun obxectivo de axustar gastos en apartados nos que a evolución das tarifas, p. ex. Electricidade, levou ó concello a tomar decisións que tamén se explican na memoria da alcaldía e que supuxo, en facturación pasar dos 416 mil euros no 2013 a 292 mil no 2016, o cal supón un control na redución do gasto. Destaca o Alcalde tamén o capítulo 6, de inversión, que supoñen un 15% do orzamento, cunha consignación de 866.402 euros, cunha aportación municipal do 55%, e que permitirá priorizar fundamentalmente proxectos que teñen que ver coa eficiencia enerxética tanto en materia de alumeadado público como nas instalacións municipais: piscina, adquisición dunha máquina barredora para limpeza viaria, substitución de pasarelas no río Arnoia, melloras na rede viaria, excavacións en Armea, impulso da Área de Rehabilitación Integrada de Santa Mariña, festival internacional de xardíns, ademais doutras pequenas obras de mantemento que haberá que afrontar, mesmo tendo en conta as peticións das asociacións de veciños, obras que se integran dentro do Plan Allariz 2020. Tamén destaca o Alcalde o esforzo de amortización de débeda que se realizará no 2016 que, no tocante a préstamos a longo prazo, reduciráse en 600 mil euros, quedando en 3.757.841 euros, o que significa o 10,5% do orzamento.

No estado de ingresos, tendo en conta que se manteñen as ordenanzas fiscais tal como se acordou na última sesión plenaria, a previsión de ingresos municipais ascende a 6.139.156 euros, dos cales 5.453.156 euros son ingresos ordinarios. Considerando que os gastos ordinarios son de 4.190.534 euros o orzamento pon de manifesto un aforro neto positivo. Destaca o Alcalde os ingresos polos impostos directos (IVTM, IBI e IAE) que supoñen o 30% dos ingresos ordinarios do concello, unha cantidade importante que permite unha autonomía municipal; tamén destaca o Alcalde os ingresos procedentes das taxas e prezos públicos do capítulo 3 que ascenden a 1.500.000 euros, un 25% dos ingresos previstos; ingresos patrimoniais froito da venda de panteóns no cemiterio municipal así como polas vendas de parcelas (capítulo 6).

Con respecto ao destino dos fondos municipais dos propios veciños, destaca o capítulo de asistencia social primaria que contará cunha aportación municipal 238.000 euros para un gasto de 364.799 euros; para o ámbito educativo, cun gasto de 222.000 euros, ten unha aportación municipal de 192.876 euros; para o ámbito deportivo e cultural, e que xunto co ámbito educativo e social, son os que concentran o destino fundamental dos fondos municipais.

Considera o Alcalde que o orzamento para o 2016 recolle en esencia no substancial o que debe ser a orientación económica do concello en relación a unha priorización do gasto que ten por obxecto incidir na dinamización económica dos diferentes sectores: sector comercial, turístico, industrial, primario, facendo da política de eventos e de dinamización económica un factor esencial á hora da programación do orzamento e tamén un esforzo por seguir mantendo uns servizos públicos de calidade. Se no ano 2015 o esforzo se fixo no remozamento dun equipamento importante como é a piscina ou na urbanización do novo colexio de ensinanza primaria, ou na mellora da praza de abastos e rede viaria, no

2016, ademais do capítulo 6 de inversións xa comentado, vai ser moi substancial un novo modelo de tratamento de residuos que faga do concello de Allariz un concello pioneiro que aborde de xeito imaxinativo e tamén desde o punto de vista económico sostible, o tratamento do lixo que hoxe é un problema global que os concellos galegos teñen e que hai que afrontar con solucións imaxinativas e co asesoramento das Universidades de A Coruña e Vigo, a asociación ecoloxista ADEGA, e tamén co impulso vecinal, para facer de Allariz un concello pioneiro na separación en orixe das cinco fraccións, no aproveitamento do lixo, de modo que poda ser recuperado un 80% e solamente enviado a SOGAMA aqueles restos que non teñen posibilidades de aproveitamento económico ou dun tratamento ambiental mais acaído. Por eso, éste vai ser un programa relevante contemplado no orzamento que xunto cos demais equipamentos municipais fai que Allariz sexa un concello recoñecido precisamente pola calidade de vida que os equipamentos aportan, polo mesmo e por todas estas razóns, o BNG vai dar o seu apoio ao orzamento para o 2016.

Polo Grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doportto Real, sinala que o orzamento, como guía que permite levar a cabo unha serie de proxectos, non só é unha declaración de intencións do que se pretende facer senón que está ligado á historia económica do concello e todas as inversións que o Alcalde cita, o informe de Intervención advirte que hai que reter os gastos de investimentos que non contén con aportacións do 100 por 100 doutras administracións, o cal significa que o concello non ten capacidade inversora real. O Alcalde, no desglose por partidos que fixo, obsérvase un incremento dos gastos de persoal de 118 mil euros polos programas dos obradoiros de emprego, Risga e demais, pero baixanse os gastos financeiros de 250 mil a 90 mil euros, son 160 mil euros menos, e habería que aproveitar a baixada dos tipos de interés para reducir débede ou recuperar os servizos dos veciños como é o alumeado público. Ao goberno municipal non lle parece unha cuestión importante o tema do alumeado público pero xa estamos en inverno outra vez e hai rúas polas que non só é lúgubre e triste pasar senón que da realmente medo; eso na Vila, cando se vai aos pobos, hai casas ás que se lle quitou o punto de luz diante mesmo da porta.

En teoría non se suben os impostos, sinala, pero é curioso que o orzamento reflicte un incremento do Ibi de 72 mil euros, 5 mil mais no IVTM, é dicir, que algo mais se está a meter e aínda non está claro, porque non será porque veña mais xente a vivir a Allariz. Tamén aumentan os ingresos polas taxas de basura, o cal significa que o proxecto do que o Alcalde sempre presume é á costa sempre dos mesmos, dos veciños, é dicir, coa nova forma de recollida do lixo sube o custe en 77.594 euros, baixa o canon de Sogama en 18.000 euros, e todos estes proxectos estrela que están moi ben saen sempre dos mesmos, dos servizos e do benestar dos veciños. O consumo de enerxía eléctrica, a baixada é brutal desde os 400 mil aos 190 mil aproximadamente: ou non se pensa pagar o pouco que nos queda de alumeado ou se pretende apagar mais farolas. Mellor sería deixar que os alaricanos dinamicen a súa vida e o Alcalde que xestione os recursos de todos de maneira que todos os veciños reciban servizos e non só uns poucos. Recórdalle ao Alcalde que cando fala das inversións, concretamente da 7ª edición do festival de xardíns, omitiu mencionar a aportación da Deputación que vai ser de 30.000 euros, e que probablemente sen esta aportación a 7ª edición do festival non se podería levar a cabo. Recordar que xa na comisión de facenda defendeu que os fondos do Plan Provincial debían investirse na execución de obras para rematar servizos públicos de saneamento en todo o concello, mesmo se citou o caso de dous pobos que están sen saeamento, as Quintas e as Pegas; hai 19 casas en San Vitoiro, mais de 12 na parroquia de Amiadozo, outras en Queiroás, e esta reivindicación non pode ser a tónica de todos os anos, porque tamén o solicitan os veciños afectados que están a pagar por un servizo que non teñen, e non vale disculparse en que se trata de casas que están alonxadas do núcleo, porque o certo é que o concello dá as licencias para os terreos onde os veciños piden e se se lle da a licenza e se lles cobran as taxas, tense que garantir os servizos que necesitan a todos por igual. E se se presume de ser o concello unha locomotora da dinamización ten que ser para todos os veciños, afirma, porque non se pode revitalizar o rural e vivir nel se carecen dos servizos básicos, mesmo hai pobos sen auga, por exemplo na zona de Penamá. Está ben que se fagan os orzamentos tamén pensando na imaxe pero os alaricanos queren orzamentos que lle solucionen as cousas, os problemas. Polo mesmo, se se lle pide á Deputación unha aportación de 30.000 euros para a 7ª edición do festival de xardíns, ao mellor en contra do criterio do Partido Popular de Allariz porque se se lle consultara esta cuestión terían que decirlle que aos veciños o festival de xardíns agora mesmo non lle está aportando nada, eso sería o que tería que dicir, afirma; e se se lle preguntara aos sectores da hostelería e demais sectores lles dirían o mesmo, pero ter alumeado público sí aporta, porque vir a facer as compran en Allariz por rúas que están mal iluminadas, sí importa.

Os veciños, afirma, pagan para vivir noutras condicións. Por todas estas razóns, sinala, o voto do seu partido vai ser en contra.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que se os orzamentos foran únicamente propaganda ou carta ós reis magos podíanse face un ano ou dous, ou tres, pero a xente pode contrastar, ver, analizar a realidade e a realidade é que en Allariz hai un proxecto municipal que ten sido contrastado cos propios veciños, que permitiu unha transformación positiva do concello en todos os ámbitos, o cal tense traducido en incremento da poboación, renovación da demografía, equipamentos municipais, que hai concellos de mais de vinte mil habitantes que non son capaces de ter, e tamén coa rede de saneamento, coa auga e co alumado público. A día de hoxe, afirma, o Concello de Ourense ten moitísimas parroquias sen estes servizos, mentras que Allariz non ten ningún núcleo municipal que non teña todos os servizos, e Penamá ten auga. Hai vivendas ailladas que poden carecer deste servizo pero a concesión da licencia non implica que o concello teña que dotar dos servizos dos que careza a parcela, é unha obriga completar estes servizos por quen solicita a licencia, pero incluso nestes casos o Concello vai seguir traballando para completar o cen por cen dos servizos para estas vivendas paulatinamente, pero a realidade é que levamos investido mais de 9 millóns de euros non 92 núcleos de poboación para que ninguén que resida no rural poda dicir que está discriminado con respecto ás persoas que residen na Vila, salvo determinados equipamentos, caso da piscina climatizada e outros, que non pode haber en cada núcleo. A realidade tamén é que hai 24 locais sociais nas parroquias o cal é indicativo do que significa a atención ó medio rural.

Sobre a recollida do lixo, o novo proxecto non é para empeorar o servizo, todo o contrario, é para melloralo, porque a xente comprende que non convén mezclar todo clase de lixo nunha bolsa, deixala nun contedor, para que recorra toda Galicia ata Cerceda, pagar por elo unha tarifa abusiva que ven sendo mais costoso o suposto tratamento que o gasto do concello en recollida incluídos o mantemento dos camións e man de obra. Polo tanto, que se pretenda gastar 18 mil euros menos en Sogama aínda que houbera 18 mil mais en gastos de persoal, sería razoable. E queda claro, afirma, que este ano non haberá incremento das taxas de recollida e así durante cinco anos. Acepta que se pode estar ou non de acordo co proxecto pero isto obedece a unha racionalidade, porque é un problema xeral en todos os concellos.

En relación ao alumado público, o primeiro que se fixo foi reducir alumeados en espazos que non afectaban para nada nin á seguridade das persoas nin á habitabilidade, en ningún caso. Suprimíronse sobre todo alumeados entre diferentes pobos porque non tiña sentido que estiveran alumeadando toda a noite sen necesidade, pero fíxose porque o prezo da electricidade subiu mais do 60%, pero tamén porque é lóxico reforzar o funcionamento doutros servizos. Hai mais de 3.000 puntos de luz que supoñen un gasto moi elevado e polo tanto trátase de racionalizar os servizo sen merma nin da seguridade nin da habitabilidade.

A Deputación Provincial, sinala, ten tido co concello de Allariz un moi escaso compromiso económico e o lóxico é que, como veciños da provincia que pagan os seus tributos e que a institución provincial recibe da Participación de Tributos do Estado, que haxa unha cofinanciación dos proxectos municipais. Niste caso, o Alcalde lamenta que a portavoz non coincida co Presidente da Deputación en canto á relevancia que ten o festival internacional de xardíns non só para Allariz, senon para a provincia de mesmo tamén para Galicia e o Estado, e o avalan os millerios de visitantes que ten. Iste ano optouse por poñelo dentro do plan de inversións do orzamento coa súa financiación para que se identifique o seu custe para que teña a relevancia que merece na provincia como outros eventos, como pode ser a festa da historia ou a mostra do cine, así se prantexou e foi aceptado por parte do Presidente da Deputación. Non son eventos para presumir, senon que teñen unha finalidade dinamizadora para axudar á economía local, apostando con este como cos demais eventos que se promoven ao longo do ano, esa é, sinala, unha labor importante que lle corresponde ó Concello, mesmo facendo como locomotora da economía local.

Nun ano de eleccións locais como foi este, os veciños son os primeiros que analizan e valoran, non con enquisas, senón mediante voto secreto en urna e o BNG ven de revalidar a súa maioría e o Partido Popular perdeu 1 de cada 3 votantes, esa é unha realidade que hai que ter en conta, sinala o Alcalde, á hora de facer as valoracións. Por eso hai que valorar que hai un proxecto municipal que ao longo dos anos ten cambiado e mellorado Allariz, aínda que haxa cousas que se podan mellorar ou mesmo facelas

doutra maneira, pero en definitiva hai unha aposta para que a xente veña a Allariz e os sectores productivos teñan actividade económica.

No turno de réplica, a portavoz do Grupo municipal do Partido Popular, Luz Doporto Real, sinala que os resultados dos orzamentos vense todos os anos no remanente negativo de tesourería e xa que o Alcalde citou en algún momento ao Concello de Xinzo recordalle que Allariz tamén fixo unha obra de inversión de un millón para o Centro de Interpretación Medieval e a día de hoxe non existe.

Intervén finalmente o alcalde para sinalar que presumir de pobo, de equipamentos non é darse autobombo, mais ben é algo que pode constatarase e opinar sobre elo, aínda que non se coincida na valoración. Sobre o Centro de Interpretación da Idade Media sinala que non hai un problema de apertura senón que foi unha execución complexa, empezando pola adquisición das edificacións, e agora falta unha fase final que tamén se lle trasladou ao Presidente da Depuración, para que se poida incluír en futuros plans de equipamento cultural para rematar a museización que é a parte que falta do proxecto.

Polo exposto,

Visto o expediente que se tramita para a aprobación do Orzamento Xeral da Entidade para o 2016 integrado polo propio do Concello e o correspondente á sociedade mercantil de capital integramente municipal, REATUR, S.A., e Medioambiental Alaricana S.L. que non prevé actividade algunha durante o exercicio.

Comprobado que na súa tramitación cumpríronse os requisitos previstos no artigo 162 e seguintes da Lei Reguladora das Facendas Locais, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así coma os artigos 18 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrolla o capítulo 1º do título 6º da citada Lei 39/88, é polo que:

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 12/11/2015;

O Pleno, pola maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (9), co voto en contra do PP (3), acorda

1º.- *Aprobar o Orzamento Xeral do Concello de Allariz para 2016 integrado polos seguintes orzamentos:*

a) *O propio do Concello que ascende a **6.159.156 euros**, en ingresos, e **5.649.936 euros** en gastos.*

b) *O da empresa de capital integramente municipal, REATUR S.A.*

2º.- *Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.*

3º.- *Aprobala plantilla de persoal que se estrutura en persoal funcionario, laboral fixo e laboral temporal.*

4º.- *Aproba-lo límite de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento de 3.912.601 euros, conforme ao disposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.*

5º.- *Dispoñer que tra-la aprobación inicial se abra un trámite de exposición pública do expediente por prazo de 15 días mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados podrán examinalo e presentar reclamacións diante o Pleno. Se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións o Orzamento considerarase definitivamente aprobado; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.*

O presuposto, definitivamente aprobado, insertarase no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, incluíndo o propio da Entidade e tamén os das Sociedades Mercantís Municipais, e simultaneamente remitirase unha copia á Administración do Estado e á Administración correspondente da Xunta de Galicia.

6º.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para executar os presentes acordos, podendo expedir, asinar e correxir os erros materiais e involuntarios que se observen nos documentos aprobados.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Seguidamente, a portavoz do Partido Popular pide que se garde un minuto de silencio en solidariedade coas vítimas dos atentados terroristas ocorridos en París na noite do pasado día 13.

O Alcalde acepta a petición do Partido Popular e pide que conste como declaración institucional a mais enérxica repulsa, condena e solidariedade polos atentados, deixando constancia tamén da importancia que ten preservar a paz, pero atacando as causas que producen esta sinrazón, que non é un problema de fe relixiosa, nin un problema cultural, mais ben ten que ver con situacións que o propio Occidente ten xenerado a través das guerras que se teñen producido en Iraq, Afganistán, Libia, Siria, e o principal obxectivo tería que ser que os habitantes destes países podan ter condicións de vida que lles permitan desenvolverse nos seus propios países para ter todos unha relación en pé de igualdade.

Seguidamente gardouse un respetuoso minuto de silencio.

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e corenta e oito minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO